

ADAPTACIÓN DA
PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA DO
TERCEIRO TRIMESTRE.
CURSO 2019/2020

CENTRO: CEP Caldelas de Tui
CURSO: 1º Primaria

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONTENIDO

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles Ciencias Sociais	2
Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles Lingua castelá e literatura	3
Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles Lingua galega e literatura	4
Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles Matemáticas	5
Avaliación	6
Metodoloxía	7

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles Ciencias Sociais

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Empregar mapas mentais como técnica de resumo e estudo	Elabora o mapa mental da Terra Elabora mapa mental das etapas da historia
Identificar os elementos que aparecen no ceo e coñecer a importancia que o Sol ten para a vida	Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida
Coñecer a importancia dos movementos da Terra sobre o paso do tempo: o día, a noite, as partes do día, as estacións	Relaciona os movementos da Terra co cambio do día á noite e coas estacións Explica as partes do día e as estacións do ano
Ordenar temporalmente, a través dunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal	Localiza e explica. Nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal
Ser conscientes do paso tempo empregando, como unidades de medida os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso do tempo	Sabe o número de días que ten unha semana e os meses Nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características
Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro	Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro na realización de textos e de relacionar imaxes
Coñecer algúns acontecementos da Prehistoria e da Historia	Describe e resume os acontecementos máis importantes da Prehistoria e da Historia

2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles Lingua castelá e literatura

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Expresarse de forma oral con vocabulario axeitado e unha secuencia coherente	Narra situacións e experiencias persoais sinxelas
Mostrar interese e gusto pola lectura	Expresa e explica as súas preferencias lectoras
Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos	Discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores Identifica diferentes tipos de texto escrito: lista, noticia, receitas...
Planificar e producir diferentes tipos de textos e intencionalidade comunicativa	Escribe textos moi sinxelos: listas, noticias, receitas...
Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua	Identifica sílabas e letras Recoñece o alfabeto e iniciase na orde alfabética Distingue nome e adxectivo Distingue xénero e número Utiliza os artigos adecuadamente Utiliza os tempos verbais: presente, pasado e futuro en textos sinxelos
Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición de vocabulario	Relaciona sinónimos e antónimos básicos
Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas	Utiliza as maiúsculas ao principio dos textos e despois de punto Utiliza o punto para terminar as oracións Utiliza correctamente os signos de exclamación e interrogación
Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua	Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos
Gozar da escoita de textos literarios	Gozo da escoita e comprensión de textos

3. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles Lingua galega e literatura

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender a información xeral e relevante de textos orais e escritos sinxelos	Comprende a información xeral e relevante de textos orais e escritos sinxelos
Ler textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras	Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe Expresa opinións e valoracións sobre as lecturas feitas e o traballo realizado
Producir e reescribir textos sinxelos respectando as convencións elementais da escrita.	Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descrições e explicacións elementais
Elaborar textos moi sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal	Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic
Utilizar terminoloxía lingüísticas e gramatical básica	Diferencia as sílabas que conforman cada palabra Identifica os nomes propios en textos moi sinxelos Sinala o xénero e o número de palabras dadas

4. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles Matemáticas

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Ler, escribir e ordenar números enteiros	Le, escribe e ordena números ata o 99
Realizar operacións e cálculos numéricos na resolución de problemas e iniciarse no cálculo mental	Realiza cálculos numéricos coa suma sen levadas na resolución de problemas Realiza cálculos numéricos coa resta sen levadas na resolución de problemas Resolve a través do cálculo mental cálculos numéricos moi sinxelos
Identificar e resolver problemas adecuados ao seu nivel	Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados
Interpretar representacións espaciais sinxelas realizadas a partir de sistemas de referencia	Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo e a outros puntos de referencia utilizando: esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaxo
Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo	Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxecto do contorno
Resolver problemas a través da representación gráficas: táboas de datos, bloques de barra...	Resolve sinxelos problemas nos que interveña a lectura dos gráficos

5. Avaliación

A avaliación segue sendo continua e formativa, adaptando os criterios xa estipulados anteriormente para cada área, as circunstancias actuais, é dicir, incidindo en contidos de repaso e nos contidos mínimos esixibles do terceiro trimestre.

En canto os procedementos empregáranse os medios dixitais (vía whatsapp) para o envío das probas escritas e orais, e o seguimento será telefónico coas familias de maneira semanal e quincenal.

En relación os instrumentos utilizarase o portafolio do alumno, que é individual e recolle os exercicios e o seguimento do mesmo, a través das fotografías e audios/vídeos dos exercicios por parte do alumnado.

Para a cualificación do terceiro trimestre e a final terase en conta tanto a evolución do alumno durante todo o curso (avaliación continua) e a consecución dos mínimos esixibles (concretados no estándares de avaliación) é dicir, será a media do primeiro e segundo trimestre, a cal pode ser superior á media das tarefas realizadas durante o terceiro trimestre, pero nunca inferior.

6. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

As actividades do alumno será individual e de maneira escrita e oral. Nalgunhas ocasións se propondrán actividades de resolución aberta fomentando a súa creatividade e imaxinación no desenvolvemento e afianzamento dos contidos.

Resulta fundamental a motivación e o estado emocional do alumnado, polo que tamén se propoñen contidos e actividades manipulativas e de creación artística para despertar o seu interese, así como mensaxes de ánimo e bo traballo.

Cada venres o traballo será integrador co fin de potenciar as habilidades básicas, a curiosidade, o interese por investigar, contribuíndo á interdisciplinabilidade e a consecución das competencias e dos valores.

Realizarase un seguimento semanal do traballo realizado e do estado socioafectivo que se rexistra no portafolio individual do alumnado, así como a comunicación diaria e/ou semanal cas familias, xa que éstas, dada a situación e o curso (1º primaria) son as involucradas na ensinanza-aprendizaxe do alumno, sen que isto supoña unha sobrecarga extra para as familias.

O alumnado con máis apoio, terá un reforzo e apoio por parte do mestre por medio de videochamada, tendo en conta a dispoñibilidade e os recursos dixitais da familia para a conexión. Así como un traballo mancomunado coa especialista de Audición e Linguaxe e a orientadora.

En canto a conectividade do alumnado, neste curso de 1º Primaria, dos 7 alumnos (todos os pais/nais dispoñen de móbil coa aplicación whatsapp), só 2 alumnos dispoñen de dispositivos dixitais.

Informarase tanto ás familias como ao alumnado mediante medios telemáticos, neste caso, vía whatsapp, mediante mensaxes, audios de voz e videochamadas.

Se realizarán actividades de desarrollo como visualización de vídeos, mapas mentais e fichas. Complementando con actividades de consolidación e reforzo do estudado nos anteriores trimestres. A planificación das actividades e as fichas envíanse cada semana por medio dixital, vía whatsapp (tras acordo xeneral cas familias)

Matemáticas: entre 5 e 6 exercicios diarios

Lengua e Lingua: entre 5 e 6 exercicios diarios

Sociais: entre 2 e 3 exercicios á semana

Os materias e recursos a emplear son:

-materiais funxibles e non funxibles (folios, libretas, pinturas...)

-audiovisual (móvil, tablet ou ordenador)